



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL

DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería de
Economía, Emprego e Industria

Ronda da Muralla nº 70 baixo
27071 LUGO
Tfnos. 982 29 43 85 / 982 29 49 11

galicia

INTEGRA MXSI CEE GALICIA SL
CAMI FUNDACIÓN CEL. VIVERO EMPRESAS
LOCAL Nº
27004 LUGO

PROCEDEMENTO: TR341M - SUBVENCIÓN DO CUSTO SALARIAL PARA O
MANTEMENTO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO
EXPEDIENTE Nº: TR341M 2018/3-2
SOLICITANTE: INTEGRA MXSI CEE GALICIA SL
DNI/NIF: B27715879

Despois de examinar a solicitude sobre subvencións do custo salarial para o mantemento de centros especiais de emprego, presentada por RAÚL ALEJO GARCÍA, en representación de INTEGRA MXSI CEE GALICIA SL, e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A solicitude presentouse o 14/09/2018. No expediente consta toda a documentación esixida na orde de convocatoria.

SEGUNDO: Solicítase a subvención do custo salarial de 1 traballadores con discapacidade.

O período que se solicita é do 01/07/2018 ao 30/06/2019.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente observáronse todos os requisitos e prescripcións legais.

FUNDAMENTOS

PRIMEIRO: A competencia, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, para coñecer e resolver esta solicitude, ven determinada polo artigo 6 da orde do 13 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a CEE co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede a súa convocatoria para as anualidades 2018-2019 (DOG nº 167, 03/09/2018).

SEGUNDO: Logo da correspondente fiscalización e dado que a solicitude foi presentada en prazo hábil, e cumpre todos os requisitos e condicións esixidas na orde de convocatoria para a subvención que se solicita, procede conceder a subvención nas contías e polos traballadores con discapacidade do centro que se indican e que están relacionados no anexo desta resolución.

Nº traballadores/as	Contía		
	ANUALIDADE 2018	ANUALIDADE 2019	TOTAL
1	896,33	1.613,39	2.509,72

Unha vez vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, por delegación do/a Conselleiro/a de Economía, Emprego e Industria,





ACORDO

1.- **CONCEDER** a INTEGRA MXSI CEE GALICIA SL, a subvención do custo salarial para o mantemento de centros especiais de emprego de acordo co sinalado no ordinal segundo dos precedentes fundamentos e na contía e polos conceptos que a continuación se indica, e en relación cos postos de traballo de persoas con discapacidade que constan no anexo desta resolución:

- Subvención do custo salarial de 1 traballadores con discapacidade, por un importe de 2.509,72 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324C.470.4, código de proxecto 2018 00099 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.
- O período que se subvencia corresponde ás mensualidades de xullo de 2018 a xuño de 2019.
- A subvención é con cargo ás seguintes anualidades:
 - Anualidade 2018 (mensualidades de xullo a novembro de 2018): 896,33 euros.
 - Anualidade 2018 (mensualidades de decembro de 2018 e a segunda paga extraordinaria de 2018, mensualidades de xaneiro a xuño de 2019 e a primeira paga extraordinaria de 2019): 1.613,39 euros.

2.- De conformidade co previsto no artigo 17 da orde de convocatoria, poderán realizarse pagamentos anticipados do gasto para cada anualidade. O importe do anticipo non poderá exceder á anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

3.- O pagamento destas subvencións queda condicionado á presentación por parte da entidade beneficiaria, da documentación que se relaciona (artigo 48 da orde de convocatoria):

- Mensualmente presentarase a documentación xustificativa da axuda indicada nos puntos seguintes referida á mensualidade inmediatamente anterior ao mes que se presenta:
 - a) Certificación da relación do cadro de persoal con discapacidade (segundo modelo do anexo X)
 - b) Relación nominal das persoas traballadoras incluidas na cotización á seguridade social (RNT), así como tódalas variacións de datos á seguridade social.
 - c) De se-lo caso, contratos de traballo e informes de datos para a cotización (IDC) das persoas traballadoras con discapacidade do CEE polas cales se solicita a subvención, contratadas no mes que se xustifica.
 - d) Nos supostos de incapacidade temporal, achegarase parte de baixa e alta.
- O pagamento final da subvención quedará condicionado á presentación da conta xustificativa, que deberá conter:
 - a) Informe sobre a conta xustificativa elaborado por un auditor de contas inscrito como exercente no rexistro oficial de auditores de contas dependente do instituto de contabilidade e auditoria de contas, que deberá contar manifestación expresa acerca dos seguintes aspectos:
 - Verificación de adecuación do custo salarial das persoas traballadoras subvencionadas ao convenio colectivo aplicable.
 - Verificación da existencia de recibos de salarios e documentos de transferencia bancaria que xustifiquen o seu pagamento, referido ás persoas incluidas nas certificacións mensuais do cadro de persoal.
 - Verificación da existencia da relación nominal das persoas traballadoras (RNT) incluidas na cotización a seguridade social e recibo de liquidación de cotizacións (RLC) así como, os documentos bancarios de transferencia acreditativos do seu pagamento, das mensualidades subvencionadas.





- Verificación da existencia dunha contabilidade separada dos gastos subvencionados e da subvención concedida, así como de unha contabilidade diferenciada da entidade titular no caso do que o CEE non teña personalidade xurídica propia.

- Documentación acreditativa (fotografías o documentos equivalentes do cumprimento das obrigas de difusión a que se refire o artigo 19.h) desta orde (colocación de rótulo)
- Declaración do cumprimento da obriga de informar as persoas traballadoras con discapacidade acerca da subvención do seu contrato (segundo o modelo do anexo XII).
- Declaración comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas o concedidas, como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou entes públicos ou, de se-lo caso, que non solicitou o percibiu outras axudas ou subvencións (segundo modelo do anexo XIII).

4. A documentación xustificativa para o pagamento deberá presentarse no prazo máximo de 40 días contados desde o último día do mes de referencia.

Non obstante, conforme ao previsto no artigo 53 da orde de convocatoria a data máxima de presentación da documentación xustificativa da axuda será:

Anualidade de 2018: 10 decembro de 2018.

Anualidade de 2019: 30 de agosto de 2019.

A conta xustificativa presentarase polo mesmo medios que se presenta a solicitude.

5.- Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non se atope ao día nas súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

6.- Esta subvención concédese en función do cadro de persoal de traballadores con discapacidade acreditado polo centro no mes de xullo de 2018.

7. De non presentar a documentación nos prazos indicados ou de non ser correcta ou concorde co solicitado, revogarase a subvención concedida de forma parcial ou total, segundo o caso, conforme establecen os artigos 20 e 21 da orde de convocatoria.

Así mesmo, líembraselle á entidade beneficiaria que deberá cumplir as obrigas de mantemento, información e comunicación recollidas no artigo 19 da orde de convocatoria.

8. Esta subvención está financiada con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

9. Infórmaselle á entidade beneficiaria que deberá:

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control
- Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público e as actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.





XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería de
Economía, Emprego e Industria

Ronda da Muralla nº 70 baixo
27071 LUGO
Tfnos. 982 29 43 85 / 982 29 49 11

galicia

De acordo con esta obriga, o centro especial de emprego deberá anunciar que está sendo subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e polo Servizo Público de Emprego Estatal no seu domicilio social e nos centros de traballo. Para isto incorporarán un rótulo visible ao público incluíndo o nome do centro, a expresión “centro especial de emprego” e o logotipo “Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia”. Os formatos que se utilicen serán os proporcionados pola Secretaria Xeral de Emprego Social, e que constan na web da Consellería de Economía, Emprego e Industria no seguinte enlace directo: <http://traballo.xunta.es/publicidade-centros-especiais-de-emprego>.

Notifíquese esta resolución á entidade beneficiaria, facéndolle saber que disporá dun prazo de dez días hábiles para a aceptación da subvención, transcorrido o cal sen que se producise a manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que comenzará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes que comenzará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante esta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, todo iso de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Xefa Territorial
Pilar Fernández López
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MÁRXE

Asinado por: FERNANDEZ LOPEZ, PILAR
Cargo: Xefa Territorial
Data e hora: 13/12/2018 18:41:41

CVE: Igokai1073
Verificable: <https://sede.xunta.gal/cve>



PROCEDIMENTO: TR341M- SUBVENCIÓN DO CUSTO SALARIAL PARA O MANTENIMENTO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO
EXPEDIENTE Nº: TR341M 2018/000018-1
SOLICITANTE: INTEGRA MXSI CEE GALICIA, SL
DNI/NIF: B27715879

Despois de examinar a solicitude sobre subvencións do custo salarial para o mantemento de centros especiais de emprego, presentada por INTEGRA MXSI CEE GALICIA, SL, e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A solicitude presentouse o 17/9/2018. No expediente consta toda a documentación esixida na orde de convocatoria.

SEGUNDO: Solicítase a subvención do custo salarial de 34 persoas traballadoras con discapacidade.

O período que se solicita é do 1 de xullo de 2018 ao 30 de xuño de 2019.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

FUNDAMENTOS

PRIMEIRO: A competencia, por delegación do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, da persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de A Coruña, para coñecer e resolver esta solicitude, ven determinada polo artigo 6º da orde do 13 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras de subvención plurianual do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de xullo de 2018 ata 30 de xuño de 2019, dentro do Programa da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego (DOG nº 167, do 3 de setembro).

SEGUNDO: Logo da correspondente fiscalización e dado que a solicitude foi presentada en prazo hábil, e cumpre todos os requisitos e condicións esixidas na orde de convocatoria para a subvención que se solicita, procede conceder a subvención nas contías e polos traballadores con discapacidade do centro que se indican e que están relacionados no anexo desta resolución.

Nº de persoas traballadoras	Contías		
	Anualidade 2018	Anualidade 2019	Total 2018/2019
34	47.930,28 €	73.768,58 €	121.698,86 €

Unha vez vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, por delegación do/a Conselleiro/a de Economía, Emprego e Industria,

RESOLVO

1. CONCEDER a INTEGRA MXSI CEE GALICIA, SL, a subvención do custo salarial para o mantemento de centros especiais de emprego de acordo co sinalado no ordinal segundo dos precedentes fundamentos e na contía e polos conceptos que a continuación se indica, e en relación cos postos de traballo de persoas con discapacidade que constan no anexo desta resolución:

- Subvención do custo salarial de 34 persoas traballadoras con discapacidade, por un importe de **121.698,86 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324C.470.4, código de proxecto 2018 0099 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.
- O período que se subvenciona corresponde ás mensualidades de 1 de xullo de 2018 ao 30 de xuño de 2019.
- A subvención e con cargo as seguintes anualidades:
- Anualidade **2018** (mensualidades de xullo a novembro de 2018): **47.930,28 €**.
- Anualidade **2019** (mensualidades de decembro de 2018 a xuño de 2019, a segunda paga extraordinaria de 8 e a primeira paga extraordinaria de 2019): **73.768,58 €**.

2. Poderán realizarse pagamentos anticipados da subvención concedida nos termos establecidos nos artigos 17 e 49 da orde de convocatoria.



Para o pagamento do anticipo deberán achegar, no prazo de 10 días contados desde a recepción desta notificación, a declaración comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo XIII).

<https://sede.xunta.gal/doc-envia/rest/anexos/47432>

3. O pagamento desta subvención queda condicionado á presentación por parte da entidade beneficiaria, do orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada, da documentación que se relaciona, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita o pagamento:

- a) Certificación da relación do cadro de persoal con discapacidade (segundo o modelo do anexo X).
- b) Relación nominal das persoas traballadoras incluídas na cotización á Seguridade Social (RNT), así como todas as variacións de datos á Seguridade Social.
- c) De ser o caso, contratos de traballo e informe de datos para a cotización (IDC) das persoas traballadoras con discapacidade do CEE polas que se solicita subvención contratadas no mes que se xustifica.
- d) Nos supostos de incapacidade temporal, achegarase parte de baixa e alta.

A xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos documentarase mediante conta xustificativa, que deberá presentarse por anualidades e deberá incorporar a documentación relacionada no artigo 48 da orde de convocatoria:

- a) Informe da conta xustificativa, elaborado por un auditor de contas inscrito como exercente no Rexistrio Oficial de Auditores de Contas, que deberá conter todos os requisitos esixidos no artigo 48.2 da orde de convocatoria.
- b) Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas de difusión.
- c) Declaración do cumprimento por parte do CEE da obriga de informar as persoas traballadoras con discapacidade acerca da subvención do seu contrato (anexo XII)
- d) Declaración comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto (anexo XIII).

4. A documentación xustificativa para o pagamento deberá presentarse no prazo de 40 días contados desde o último día de cada mensualidade obxecto de subvención.

Non obstante, conforme ao previsto no artigo 52 da orde de convocatoria a entidade beneficiaria deberá presentar, en todo caso, a documentación xustificativa para o pagamento final de todas as mensualidades con cargo á anualidade orzamentaria de 2018 ata o 10 de decembro de 2018 e con cargo á anualidade orzamentaria de 2019 ata o 30 de agosto de 2019.

Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás entidades beneficiarias.

5. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non se atope ao día nas súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

6. Esta subvención concédese en función do cadro de persoal de traballadores con discapacidade acreditado polo centro no mes de xullo de 2018.

O importe da subvención concedida poderá ser obxecto de modificación en función da documentación presentada para a xustificación do pagamento da subvención e poderá dar lugar, se é o caso, a que se dite a resolución complementaria ou revogatoria que corresponda se o importe xustificado é superior ou inferior ao concedido inicialmente.

As resolucións complementarias ou revogatorias poderán realizarse co pagamento anticipado da anualidade 2019 ou co pagamento final da subvención concedida.

Tamén poderá emitirse unha resolución complementaria sempre que así o solicite a entidade beneficiaria en calquera momento da xustificación da subvención concedida, no suposto de que acrede que se incrementou un mínimo do 25% o número de persoas traballadoras con discapacidade con contrato indefinido.

7. De non presentar a documentación nos prazos indicados ou de non ser correcta ou concorde co solicitado, revogarase a subvención concedida de forma parcial ou total, segundo o caso, conforme establecen os artigos 20 e 21 da orde de convocatoria.

Así mesmo, lémbraselle á entidade beneficiaria que deberá cumplir as obrigas de mantemento, información e comunicación recollidas no artigo 19 da orde de convocatoria.

8. Esta subvención está financiada con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.



9. Infórmaselle á entidade beneficiaria que deberá:

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Dispor dos libros contables, rexistros dillixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

De acordo con esta obriga, o centro especial de emprego deberá anunciar que está sendo subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no seu domicilio social e nos centros de traballo. Para isto incorporarán un rótulo visible ao público incluíndo o nome do centro, a expresión "centro especial de emprego" e o logotipo "Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia". Os formatos que se utilicen serán os proporcionados pola Secretaría Xeral de Emprego Social, e que constan na web da Consellería de Economía, Emprego e Industria no seguinte enlace directo: <http://traballo.xunta.es/publicidade-centros-especiais-de-emprego>.

Notifícase esta resolución á entidade beneficiaria, facéndolle saber que disporá dun prazo de dez días hábiles para a aceptación da subvención, transcorrido o cal sen que se producise a manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante esta Xefatura Territorial da Consellería Economía, Emprego e Industria, todo iso de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, coa data da sinatura electrónica
O xefe territorial
Isidoro Martínez Arca

